

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE XANEIRO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 11 de xaneiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de xaneiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D. Fernando González Abeijón, representante do PP
D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
D^a. Ruth María Gallego Santo, técnica de xestión (asiste aos puntos 2a, 2b e 3a)
D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 5a e 6a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento á UTE GALAICONTROL, S.L. (50 %) - TYLin GPO, S.L. (50 %), por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. UTE ALFONSO PENELA (50 %) - CAPITEL Arquitectura, Ingeniería e Innovación, S.L. (50 %). En concreto, deberá presentar:
 - Novo DEUC de ALFONSO PENELA, asinado dixitalmente, no que aclare se concorre á licitación con solvencia de terceiros xa que no DEUC presentado marca en afirmativo o Apartado C da Parte I ("*Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?*") pero non se aporta nin o Anexo III nin o DEUC dese terceiro.
 - Asemade, no DEUC presentado, na Parte IV ("*Criterios de selección*") non se indica nada, sendo obligatorio sinalar se o licitador cumpre todos os criterios de selección ou, en todo caso, aportando a información correspondente os apartados da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional (apartados A-D).
 2. G.O.C., S.A. En concreto, deberá presentar:
 - O Anexo III do PCAP co compromiso escrito de TEMHA, S.L., asinado dixitalmente, polo seu representante, como empresa que aporta a súa solvencia, tal e como se indica na cláusula 8.8.3ª e na cláusula 14.1.A) do PCAP.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade/maioría dos/as membros presentes coa abstención de xxx, outorgar un prazo de tres días a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. En concreto deberá presentar:

- Novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante, no que indique, na Parte IV ("*Criterios de selección*") ou ben, se cumpre, de maneira xeral, todos os criterios de selección (respondendo afirmativamente á pregunta recollida no apartado "a: *Indicación global relativa a todos los criterios de selección/Respecto a los criterios*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos”) ou, se opta pola opción de usar os criterios de selección de A a D, deberá indicar o seguinte:

1. A solvencia económica e financeira referida a algún dos últimos tres anos, tal e como establece o PCAP no Anexo I (FEC), apartado 5.A (“Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.”)
2. A solvencia técnica e profesional da parte de subministro, tendo en conta que, no DEUC presentado, solo se indica a solvencia no apartado “Cuando se trate de contrato de obras” figurando en branco o apartado “Cuando se trate de contratos de suministro”. Lémbrese á licitadora que neste procedemento, tal e como figura no Anexo I (FEC), apartado 5.B, a solvencia técnica e profesional distingue, ao ser un procedemento mixto, entre a propia da parte de subministro (“Unha relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos de igual ou similar natureza (atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV) que os que constitúan o obxecto do contrato indicando o seu importe, datas e destinatario, público ou privado dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao ao 58,81% do prezo do contrato (231.717,11 euros)”), e a propia da parte de obra, que figura correctamente no DEUC presentado.
3. Asemade, no apartado “Cuando se trate de contratos de suministro: Certificados expedidos por institutos de control de calidad”, deberá sinalar se está en posesión do “Certificados ou documentos acreditativos de cumprir as normas UNE-EN-ISO 9001 de calidade ou equivalente, así como os documentos referidos ao cumprimento en materia medio ambiental (tales como EMAS ou UNE-EN-ISO 14001 ou equivalente)” tal e como figura no indicado no apartado 5.B) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Tendo en conta a cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT- GENERATION-EU, faise necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado a “Responsable da operación” do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE. Asemade, procederase a comunicar no expediente, os datos das membros da Mesa de Contratación e dos licitadores admitidos no presente procedemento e a por á firma da primeiras a correspondente DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de “Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura” (1733-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Retírase da orde do día por ser necesario requirir, a dous dos licitadores presentados, emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 29 de decembro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3884-321)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo da parte fixa do contrato	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios da parte variable	Plataforma de teletradución multilingüe (SI/NON)												
1	CONTACTNOVA, S.L.U.	911.318,78 €	12,05 %	SI												
2	HUARIS CALL CENTER, S.L.	882.761,58 €	5,10 %	NON												
3	PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L.	797.659,00 €	20,00 %	SI												
4	SERVICIOS INTEGRALES DE ATENCION AL CLIENTE Y VENTAS XUPERA XXI, S.A.	1.025.635,93 €	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Precio/hora</th> <th>% Baja</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Hora común</td> <td>11,82%</td> </tr> <tr> <td>Recargos festivos especiais</td> <td>83,45%</td> </tr> <tr> <td>Recargo festivo normal</td> <td>83,45%</td> </tr> <tr> <td>Recargo domingos</td> <td>83,45%</td> </tr> <tr> <td>Baja Media</td> <td>65,54%</td> </tr> </tbody> </table>	Precio/hora	% Baja	Hora común	11,82%	Recargos festivos especiais	83,45%	Recargo festivo normal	83,45%	Recargo domingos	83,45%	Baja Media	65,54%	SI
Precio/hora	% Baja															
Hora común	11,82%															
Recargos festivos especiais	83,45%															
Recargo festivo normal	83,45%															
Recargo domingos	83,45%															
Baja Media	65,54%															

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. D. Miguel Dorado Soñora, en representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA.
2. D^a. Laura Copado Romero, en representación de PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



3. D. Marco Otero Álvarez, en representación de CONTACTNOVA, S.L.U.
4. D. Manuel Ageitos Ameal, en representación de HUARIS CALL CENTER, S.L.
5. D. Sergio García de Iturrospe, en representación de la UTE XUPERA-IDEARA.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 19 de decembro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 18 de decembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L. que presenta a documentación requirida durante o prazo concedido, da que se da traslado ao responsable do contrato.

O 29 de decembro de 2024 a enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais emitiron informe sobre a xustificación presentada no que se conclúe que *"non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"* tendo en conta que:

- En relación cos custos de persoal, *"na oferta presentada propón un equipo multidisciplinar a disposición da Dirección de Obra, que non se considera ou xustifica no orzamento presentado de xustificación da oferta presentada", "no cadro de custe total de persoal, atópase un erro no cálculo total"* e que aplica as táboas de remuneracións das *"persoas traballadoras de empresas de estudos técnicos e oficinas de arquitectura con vixencia para o ano 2023, debéndose ter en conta o ano 2024"*.
- E que *"Na oferta presentada, recóllese una planificación de reunións (flexibilizándoas en función das necesidades e requirimentos do Concello de Vigo), onde se incluírán: reunión inicial, reunión técnica inicial, reunións semanais, reunións ocasionais, reunións de entrega de cada fase e reunión final. Sen embargo no cálculo de custes de viaxes só tense en conta 2 visitas a Vigo (Sevilla <-> Vigo, sen pernoita)"* e que *"Ademais os custes de manutención son os referidos o ano 2023, e non 2024"*.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación excluír deste procedemento a ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 21 de decembro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PROSEMA NOROESTE, S.L. que, durante o prazo concedido, presentou a correspondente documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 29 de decembro de 2023, a enxeñeira industrial e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que, tendo en conta a documentación presentada, *"se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato."*

A Mesa, por unanimidade/maioría dos/as membros presentes coa abstención de xxxx, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a aceptación da xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por PROSEMA NOROESTE, S.L. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 8 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Inversións e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 8 de xaneiro de 2024 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ARGENIA INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais o 29 de decembro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441), na seguinte orde descendente:

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	REBORDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE	79,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REBORDA MARTINEZ ANTONIO, SLNE, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira” (1738-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de xaneiro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por PROSEMA NOROESTE, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proxecto de "Tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira" (1738-441) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	PROSEMA NOROESTE, S.L.	93,62
2º	ORECO BALGON, S.A.	93,11
3º	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,63
4º	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	78,48
5º	SOTEGA NOROESTE, S.L.	72,68
6º	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	61,06

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía complementaria do 5 % do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 24.1 do PCAP".

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/05/2024 09:53	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4A-E24787-212C85-QJ8BRK-RCTGXX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		